

FONDO DE LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR 2020/2021

Estimadas familias:

O obxecto da presente circular é informalos da apertura da convocatoria de solicitude de Fondo de Libros e Axudas para Material Escolar na ESO para o vindeiro curso 2020/2021 (Orde de 12 de maio de 2020, publicada no DOGA do 19 de maio de 2020).

1. CONTÍA DAS AXUDAS:

- Alumnado con renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6000 euros**: CHEQUE DE 50 EUROS PARA MATERIAL ESCOLAR E 6 LIBROS DE TEXTO.
- Alumnado con renda per cápita familiar **superior a 6000 euros e igual ou inferior a 10000 euros**: 4 LIBROS DE TEXTO

IMPORTANTE: Se o centro dispón de exemplares de libros sobrantes, repartiraos entre o alumnado.

2. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario deberán devolver os libros de texto do presente curso 2019/2020. A non devolución dos mesmos será causa de exclusión da participación do Fondo Solidario e das Axudas no curso 2020/2021.

Debido ás circunstancias especiais provocadas pola COVID-19, o centro informará a través da páxina web das condicións e prazos nas que se realizará este curso a devolución de libros de texto.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/2021.

O impreso da solicitude estará dispoñible:

- No portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- Nas dependencias das Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Na Secretaría do IES Ramón Caamaño en papel.
- Na páxina web do IES Ramón Caamaño (barquiño "Secretaría"):
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncaamano/>

IMPORTANTE: No caso de que se tramite a solicitude por vía electrónica será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.

4. PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes comeza o luns 25 de maio de 2020 e rematará o día 19 de xuño de 2020.

5. DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Impreso da solicitude (Anexo I da Orde) correctamente cuberto.
- Impreso de comprobación de datos dos membros computables (Anexo II da Orde)
- Copia do libro de familia onde aparecen todos os membros da unidade familiar.

*Consultar situacións especiais na Orde (divorcio, discapacidade, violencia de xénero...)

6. PUBLICACIÓN DE LISTAXES

- As LISTAXES PROVISIONAIS publicaranse o 10 de xullo de 2020
- As LISTAXES DEFINITIVAS publicaranse o 14 de setembro de 2020



En Muxía, a 19 de maio de 2020